



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## **ANUNCIO**

### **Aprobación definitiva do estudo de detalle para axuste de aliñación sinalado polo plan xeral vixente na rúa Fornos (2022/PLANEAM/000027 - FG Nº 714)**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para axuste de aliñación sinalado polo plan xeral vixente na rúa Fornos (Documento R.E. Nº 2023004304 do 13.03.2023).

Contra o presente acordo, en aplicación do artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dado que aproba unha disposición de carácter xeral, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere máis conveniente.

O texto do documento aprobado definitivamente pode ser consultado no enderezo electrónico do concello [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org).

Oleiros, asinado electronicamente polo Alcalde-Presidente, Ángel García Seoane, na data que figura na marxe dereita.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

